

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por abastecemento de auga, sumidoiros e depuración

EDICTO

Téndose aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión de data 06/07/2015 a segunda modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por abastecemento de auga, sumidoiros e depuración tras resolverse a reclamación que fora interposta contra a mesma, procedese á publicación do seu texto íntegro de seguinte:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS E DEPURACION

Artigo primeiro .- modificación do artigo 5.-cota tributaria:

De xeito que se engade un apartado e) co seguinte contido:

e) Acometidas

e1) Acometidas de abastecemento:

As acometidas de abastecemento de auga potable que requiran dunha conexión inferior a 5m de lonxitude terán o seguinte custo, establecido en función dunha acometida media de 3m, e un incremento por metro lineal cando superen os 5 m:

Ø acometida	Tipo A (terra)	Tipo B (asfalto)	Tipo C (baldosa)
32mm (1")	209,58€+15,44€/m	264,48€+22,63€/m	311,24€+26,37€/m
40-50mm	252,14€+17,81€/m	307,59€+25€/m	354,37€+28,74€/m
63mm (2")	300,02€+ 19,79€/m	354,36€+26,98€/m	401,71€+30,72€/m

A esta cantidade (sen IVE) sumarase a instalación do contador:

- Instalación de contador de 13mm con válvula antiretorno e pezas de conexión, en batería de contadores ou similar: 98,17€/unidade (sen IVE)

- Instalación de contador de 13mm con válvula antiretorno, pezas de conexión e armario de PVC, placa transparente, en vivenda unifamiliar ou similar: 177,48€/unidade (sen IVE)

O cadro de tarifas de contadores (sen instalación) para diámetros superiores a 13mm, será o seguinte:

Diámetro	Prezo (s. IVE)		Diámetro	Prezo (s. IVE)
15mm	90€		20mm	107€
25mm	156€		30mm	201€
40mm	292€		50mm	590€
65mm	730€		80mm	886€

e2) Acometidas de saneamento:

As acometidas de saneamento de augas residuais formada por arqueta de saída, tubo de PVC de 160mm de diámetro e 5atm de presión, incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme, con conexión a colector existente ata un máximo de 4m, terán as seguintes tarifas:

Tipo de acometida	Tarifa (sen IVE)
En terra	356,17€+36,24€/m
En asfalto	397,59€+40,07€/m
En baldosa (beirarrúa)	446,69€+ 44,96€/m

Para distancias superiores, cada tramo de 40m deberá construírse un pozo de rexistro con aneis prefabricados de formigón en masa, con tarifas dependentes da profundidade do mesmo, e na que se inclúen excavación, cerco e tapa de fundición, que de seguido se establecen:

Profundidade	Prezo (s. IVE)	profundidade	Prezo (s. IVE)
1m	292,16€	1,5m	380,08€
2m	468,31€	2,5m	555,31€

Artigo segundo.- Modificación do artigo 7 .-beneficios fiscais.

Engadindo o seguinte:

· -A taxas por conexións e acometidas ao servizo municipal de de Augas de Teo estarán bonificadas ao 100% no caso de que existan motivos de urxente necesidade que fagan necesario as citadas conexións e non existan recursos económicos suficientes na unidade de convivencia para facer cargo ao custo establecido. Estes motivos deberán estar reflectidos nun informe das Traballadoras Sociais municipais, así como a súa valoración de falta de recursos, e a bonificación se concederá por Resolución da Alcaldía.

· -Cando unha unidade familiar non poida facer fronte ao pagamento das taxas por abastecemento de auga, sumidoiros ou depuración, deberase emitir un informe das Traballadoras Sociais municipais, nas que se faga constar esta imposibilidade e se dito informe así o considera se concederá unha bonificación do 100% nas cotas. Dito informe deberá propoñer un prazo para que esta bonificación se manteña, que será como máximo dun ano natural. Transcorrido o tempo proposto, se non se resolvera á carencia económica causante desta imposibilidade a Traballadora Social de referencia deberá emitir un informe no que faga constar este extremo, e se prorrogue esta bonificación previa resolución da Alcaldía que a conceda.

Teo, 8 de xullo de 2015

O ALCALDE

Rafael Sisto Edreira

2015/7495